



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTO DO 26 DE XULLO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00034205Q.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. OFICINA ORZAMENTARIA. Referencia: 2021/00035329J.

Aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-07 de importe 8.466,86 euros, financiado co remanente líquido de Tesourería pra gastos xerais do Concello do exercicio 2020, e o recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar unha parte dos gastos rexistrados na conta 413.

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2021- CREXT-07 para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2020 correspondentes ao Concello de Santiago, por un importe de OITO MIL CATROCENTOS SETENTA E SEIS EUROS, CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (**8.466,86 EUROS**) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2020.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 8.466,86 euros para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2020 (facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413) financiado con RLT para GX do exercicio 2020

B) Financiamento:

Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **8.466,86 €**

SEGUNDO. Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2021- CREXT-07 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO. Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-07, se contra o mesmo non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº 2 que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2020 por importe total de 168.777,12 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos polos mesmos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón, condicionando a eficacia deste acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2021-CREXT-07.

3. OFICINA ORZAMENTARIA. Referencia: 2021/00035135A.

Aprobación de crédito extraordinario 2021-CREXT-09 por importe de 24.000€ para financiar a achega municipal para a rehabilitación do firme da vía Edison.

Apróbase o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2021-CREXT-09 por importe de VINTE E CATRO MIL (**24.000 EUROS**) para reforma achega municipal que permita a execución da actuación “Rehabilitación do firme da vía Edison”, cofinanciada pola Consellería de Economía, Empresa e Innovación, da Xunta de Galicia. Esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente no orzamento actual en varios proxectos de gasto.